



Calendario 2º Bacharelato de Adultos a Distancia Curso 2025 - 2026

Sem	L	M	Me	X	V	S	D
-----	---	---	----	---	---	---	---

01	1	2	3	4	5	6	7
02	8	9	10	11	12	13	14
03	15	16	17	18	19	20	21
04	22	23	24	25	26	27	28
	29	30					

Set.

PRESENTACIÓN - DATAS DE AVALIACIÓN-	
Días	
Presentación do curso	8
Inicio curso Bacharelato	9

04			1	2	3	4	5
05	6	7	8	9	10	11	12
06	13	14	15	16	17	18	19
07	20	21	22	23	24	25	26
08	27	28	29	30	31		

Out.

OUTUBRO	
Día do ensino	31

08					1	2
09	3	4	5	6	7	8
10	10	11	12	13	14	15
11	17	18	19	20	21	22
12	24	25	26	27	28	29

Nov.

NOVEMBRO	
Exames 1ª aval. 2º Bach.	11 e 13
Notas 27	Revisión 28

13	1	2	3	4	5	6	7
14	8	9	10	11	12	13	14
15	15	16	17	18	19	20	21
16	22	23	24	25	26	27	28
17	29	30	31				

Dec.

DECEMBRO	

17				1	2	3	4
18	5	6	7	8	9	10	11
19	12	13	14	15	16	17	18
20	19	20	21	22	23	24	25
21	26	27	28	29	30	31	

Xan.

XANEIRO	
Exames 2ª aval. 2º Bach.	27 e 29
Notas 12 feb	Revisión 13 feb

21						1
22	2	3	4	5	6	7
23	9	10	11	12	13	14
24	16	17	18	19	20	21
25	23	24	25	26	27	28

Feb.

FEBREIRO	

26	2	3	4	5	6	7	8
27	9	10	11	12	13	14	15
28	16	17	18	19	20	21	22
29	23	24	25	26	27	28	29
30	30	31					

Marzo

MARZO	

30			1	2	3	4	5
31	6	7	8	9	10	11	12
32	13	14	15	16	17	18	19
33	20	21	22	23	24	25	26
34	27	28	29	30			

Abril

ABRIL	
Exames 3ª aval. 2º Bach.	7 e 9
Notas 16	Revisión 17
Exames Pendentes Ord. 1º Bach.	27 e 29
Notas 12 maio	Reclamacións 14/15

34					1	2	3
35	4	5	6	7	8	9	10
36	11	12/12	13	14	15	16	17
37	18	19	20	21	22	23	24
38	25	26	27	28	29	30	31

Maio

MAIO	
Exames Finais Ord. 2º Bach.	5 e 7
Notas 12	Reclamacións 13/18

39	1	2/2	3	4/4	5	6	7
40	8	9	10/10	11	12	13	14
41	15	16	17	18	19	20	21
42	22	23	24	25	26	27	28
43	29	30					


Xuño

XUÑO	
Exames Finais Extra. 2º Bach.	2 e 4
Notas 10	Reclamacións 11/12
Exames Pendentes Extra. 1º Bach.*	2 e 4
Notas 10	Reclamacións 11/12

* Atención! Os exames Pendentes Extra. 1º Bach. (excepcionalmente en martes e xoves) coinciden nas mesmas datas que os Finais Extra. 2º Bach.

AULA VIRTUAL:

Entrando na seguinte ligazón <https://distancia.iessanclemente.net/> accédese á plataforma de ensino de adultos a distancia co noso usuario e contrasinal.



O alumnado fai a matrícula no Bacharelato a distancia vía web, na páxina <https://matricula.iessanclemente.net>, achegando a continuación o impreso de matrícula e a documentación necesaria por correo postal á atención do persoal da oficina co asunto *Matrícula Bacharelato* para a súa formalización (IES San Clemente, rúa San Clemente s/n, CP 15705, Santiago de Compostela). **A matrícula non se considera formalizada ata a recepción do impreso e a documentación.**

O alumnado pode ler ás instrucións sobre o proceso de matrícula online na web do centro en [novas](#).

O alumnado matriculado nestas ensinanzas recibirá na súa conta de correo, o usuario e contrasinal para acceder á [Aula Virtual do IES San Clemente](#).

Dende o enderezo <https://alumnado.iessanclemente.net> o alumnado matriculado nas nosas ensinanzas poderá ter acceso ás aulas virtuais das materias ou ámbitos da súa matrícula cando se rexistre na plataforma.

plataforma.


O alumnado poderá comprobar que a súa matrícula está correcta entrando desde a barra vertical negra da esquerda na sección “Matrícula / Notas”(véase na imaxe arriba).

Tamén poderá consultar aquí as súas cualificacións despois de cada avaliación.

Sempre que o alumnado detecte algún erro na súa matrícula deberá poñerse en contacto coa oficina do centro canto antes para solucionar o problema.

Neste mesmo enderezo o alumnado poderá **solicitar videotitorías** co profesorado das materias que desexe (Solicitud Videotutoría).

Nas propias aulas virtuais de cada materia ou ámbito o alumnado tamén pode consultar moita información de interese como se pode ver a continuación:



- No menú principal accédese a área de comunicación co *Taboleiro de anuncios* coa información actualizada dos asuntos de interese en cada momento e tamén á *solicitud de videotitoría*. En solicitude de vídeotitorías o alumnado poderá reservar día e hora para unha titoría virtual por videoconferencia para resolver dúbidas sobre a materia. O alumnado poderá comprobar a dispoñibilidade do profesor consultando o seu horario.
- En información xeral o alumnado poderá consultar o horario do profesor/a, accede tamén a *Titoría do bacharelato* e a documentos de interese que o profesor/a da aula vaia colgando.

- O alumnado de Bacharelato poderá consultar o Calendario do curso coas datas dos exames, avaliacións, revisións, etc, de todo o curso e dispoñerá de información actualizada de calquera tema de interese sobre os seus estudos por parte da Xefatura de Estudos a través da aula denominada [Titoría do Bacharelato](#) no taboleiro de anuncios ou poderá recibir ou enviar correos á xefa de estudos Raquel Rodríguez Blanco.



- O alumnado poderá comunicarse a través do correo web de cada aula co profesorado. Se o desexa poderá chamar por teléfono ao departamento didáctico no horario presencial do profesor/a.
- Nas primeiras semanas o alumnado poderá ver o vídeo de presentación da materia do profesor/a e poderá acceder aos documentos importantes da materia (programación, contidos, criterios de cualificación, modelos de exames, etc).
- A materia de cada aula está organizada por quincenas. Hai catro quincenas en cada Avaliación. Son un total de 12 quincenas. O material didáctico váise publicando secuenciadamente.
- Na AULA VIRTUAL (AV) podedes encontrar: materiais, vídeos didácticos, contidos mínimos, criterios de avaliación, resumos da materia e esquemas, propostas de exames e exames resoltos, etc. TODOS OS MATERIAIS necesarios para a aprendizaxe das materias estarán dispostos na AULA VIRTUAL. As datas de exames ou calquera información de interese está tamén na páxina web. É moi importante entrar nela (POLO MENOS 3 VECES Á SEMANA), coñecela ben, e aproveitala.

TITORÍAS

Cada materia está a cargo dun DOCENTE, que atende CATRO TIPOS DE TITORÍAS: TITORÍAS TELEMÁTICAS, TELEFÓNICAS, por CORREO ELECTRÓNICO e PRESENCIAIS.

Todo o PROFESORADO TITOR dedica unha ou máis horas diarias de atención ao alumnado. Na AULA VIRTUAL, en cada materia, tedes acceso ao horario semanal da súa titoría.

TITORÍAS TELEMÁTICAS (por videochamada)

O xeito mais RÁPIDO e EFECTIVO é solicitar unha TITORÍA entrando no enderezo <https://alumnado.iessanclemente.net>, e seleccionando a data e a hora na que contactar co profesor ou profesora. É preciso dispoñer dun portátil ou ordenador con cámara web.

Por cada titoría solicitada teremos unha entrada nova con información sobre a mesma. Na data e hora acordada soamente será necesario pulsar na ligazón “Titoría web” para acceder á videochamada co profesor ou profesora da materia.

TITORÍAS por CORREO ELECTRÓNICO e TELEFÓNICAS

Nas horas de TITORÍA TELEMÁTICA é posible chamar aos números de teléfono directos de cada materia que están recollidos na táboa de titorías presenciais, ou ao número xeral do Instituto, o 881867501. Advírtese que cando entra unha chamada e está a ser atendida pola conserxería, non se pode atender outra simultánea xa que o terminal está ocupado. A persoa que chama non escoita sinal de comunicando, polo que debe agardar e repetir a chamada.

Todo o alumnado matriculado ten tamén unha conta de correo electrónico propia dentro da plataforma, onde recibirán informacións, noticias ou avisos. Desde este correo, poden enviarlle mensaxes ao profesorado do centro (e tamén ao resto do alumnado) e terán a oportuna resposta por este mesmo medio. O PROFESORADO do IES “San Clemente” ocuparase de atender os correos que remitades e contestalos en menos de 24 horas sempre que sexa posible.



TITORÍAS PRESENCIAIS

As TITORÍAS PRESENCIAIS teñen como obxectivo consultarlle ao profesorado as dúbidas que non poden ser resoltas por outro medio. Dada a natureza destas ensinanzas, **estas titorías terán carácter EXCEPCIONAL e deberán ser ACORDADAS PREVIAMENTE co profesorado.**

PROFESORADO TITOR DE CADA MATERIA

MATERIA	PROFESORADO TITOR	TELÉFONO
Lingua castelá	Asunción Arufe Carredano	881867521
Lingua galega	Mercedes Rivas Vicente	881867521
Historia da filosofía	Xesús Fernández Sulleiro	881867524
Xeoloxía e CC.AA.	Milagros Villanueva Rodríguez	881867522
Bioloxía / Ciencias xerais	Carlos Doval Davite	881867522
Empresa e deseño de modelos de negocio	Antonio Pérez Fernández	881867524
Lingua estranxeira Inglés	Esteban Fernández Neira	881867523
Lingua estranxeira Francés	Isabel Villalta Martín	881867523
Lingua estranxeira Portugués	Carlos Callón Torres	881867521
Matemáticas / Matemáticas aplicadas	Manuel Fernández López	881867522
Historia de España	Gutier Martínez Prado	881867521
Xeografía	Javier Poch Gutiérrez	881867521
Historia da arte / Xeografía, historia, arte e patrimonio de Galicia	Fernando Lojo Piñeiro	881867521
Latín / Grego	Amalia Seoane Labandeira	881867524
Física / Química	José Luís Noya Cereijo	881867522
Debuxo artístico / Deseño	Ángeles Rivera Muñoz	881867524
Debuxo técnico	Pilar Pérez Rodríguez	881867524
Debuxo técnico aplicado / Movementos culturais e artísticos	Ana María Carballo Balboa	881867524
Relixión	M ^a Teresa Abalde González	881867523
Tecnoloxía e Enxeñaría	Adrián Pérez Sánchez	881867522
T.I.C.	Manuel Pacior Pérez	881867516

EXAMES

Durante o curso haberá tres avaliacións parciais e unha avaliación final en maio, na que se manterán as cualificacións daquelas avaliacións superadas. O alumnado deberá examinarse só das avaliacións non superadas ou non presentadas (seguindo os criterios de cualificación de cada departamento). A avaliación extraordinaria terá lugar en xuño. Nesta convocatoria o alumnado que non teña superada a materia en maio poderá presentarse a un exame xeral de toda a materia.

Os exames celébranse nas mesmas datas e horas no IES San Clemente de Santiago, nos centros EPA de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol e Vigo, e no IES Monte Castelo de Burela. Os exames serán controlados polo profesorado do IES San Clemente.

Os estudos a distancia do IES San Clemente tamén son cursados polos internos de tres centros penais da nosa Comunidade Autónoma e tamén polos centros de Menores, nos que as titorías e as correspondentes probas son tuteladas polo seu propio persoal.



Os exames levaranse a cabo nas datas que figuran no calendario. O horario das distintas materias será sempre o mesmo, un martes e un xoves.

PROTOCOLO A RESPECTAR NOS EXAMES

- O alumnado deberá presentarse ao exame provisto de DNI, NIE, pasaporte ou carné de conducir, e sen gafas de sol, gorros, ou calquera outro elemento que dificulte a súa identificación.
- O alumnado poderá introducir na aula unha mochila, bolso, carteira ou bolsa de deporte, con todas as súas pertenzas, ás cales non poderá acceder mentras estea realizando o exame.
- Durante a realización do exame o alumnado **non poderá acceder á aula con teléfono móbil, reloxo ou calquera outro dispositivo electrónico activados. Tampouco poderá utilizar ningún dispositivo de comunicación non autorizado.**
- O alumnado, unha vez disposto no seu asento e realizada a comprobación **de que non leva dispositivos non autorizados, deberá manter despexados os pavillóns auditivos durante as probas.**
- O profesorado facilitará a realización de exames cando o alumno ou alumna teña dous ou máis á mesma hora, permitindo a realización dos mesmos na hora posterior ou anterior á que figura no horario e no tempo de descanso entre exames, sempre dentro da franxa horaria correspondente á realización de exames.
- Os exames deberán realizarse a bolígrafo azul o negro, salvo indicación expresa.
- Os exames non se poderán facer integramente en letras maiúsculas.
- No caso dos exames tipo “test”, cando exista a opción de facelos en galego ou castelán, o alumnado responderá soamente nunha das linguas.
- O alumnado deberá permanecer dentro da aula ata pasados como mínimo vinte minutos desde que se repartiron os exames. Dentro dese tempo, permitirase a entrada de novo alumnado ao exame.
- **No caso de que na realización do exame o profesorado detectara a alguén copiando ou non respectando estas instrucións, o alumno ou alumna poderá ser obxecto da seguintes medidas disciplinarias: expulsión da aula, cualificación do exame con 0 puntos e posible anulación das probas xa realizadas.**
- No momento no que un alumno ou alumna remate o seu exame, deberá entregalo e firmar na folla de sinaturas para que quede constancia de que se presentou ao exame. Nese intre presentará a súa documentación para proceder a identificalo.
- Cando o exame entregado conste de dúas ou máis follas, os datos do alumno e do exame deberán figurar en todas as follas. Estas follas gramparanse nese mesmo intre diante do alumno ou alumna.



HORARIOS DOS EXAMES

	MARTES	XOVES
9,30 a 10,45	Historia de España	Historia da arte Movimentos culturais e artísticos Xeografía, historia, arte e patrimonio de Galicia
11,00 a 12,15	Lingua castelá e literatura II	Deseño Latín II Matemáticas II Matemáticas aplic. ás CC.SS. II
12,30 a 13,45	Lingua galega e literatura II	Bioloxía Ciencias xerais 2ª Lingua estranx. II – Francés / Portugués
16,00 a 17,15	Debuxo técnico II Debuxo técnico aplicado II Grego II Historia da filosofía	Física Tecnoloxía e enxeñaría II T.I.C. II Xeografía Xeoloxía e CC.AA.
17,30 a 18,45	Lingua estranxeira II – Inglés / Portugués	Debuxo Artístico II Empresa e deseño de modelos de negocio Química Relixión

CUALIFICACIÓN

Con carácter xeral nas semanas seguintes aos exames celébrase a reunión de avaliación (nos días sinalados no calendario). As cualificacións colocaranse na aula virtual (en Matrícula/Notas) ese mesmo día sobre ás 15:00 ou 19,00/20,00 horas (segundo sexa a Avaliación pola mañá ou pola tarde), de xeito que calquera alumno poida coñecer e imprimir as súas notas.

De seguido á publicación das cualificacións, o profesorado titor terá (previo aviso, cando o alumno ou a alumna non estea de acordo coa cualificación) unha data dedicada á REVISIÓN DOS EXAMES nas avaliacións parciais e dúas datas na avaliación final para as RECLAMACIÓNS.

Cando un alumno ou alumna desexa obter un boletín de notas oficial, pode pasar a solicitalo e recollelo no IES San Clemente ou ben deixar un sobre co enderezo xa escrito e seralle remitido por correo.



ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES DE 1º

Tanto nas materias de 1º como nas de 2º curso, do mesmo xeito que no bacharelato ordinario, o alumnado poderá presentarte a dúas convocatorias: ordinaria e extraordinaria.

- A **convocatoria ordinaria** terá exames parciais por cada avaliación, e un exame final no mes de maio ou xuño para recuperar as avaliacións non superadas. Tamén poderá facer este exame final o alumnado que non se presentara aos exames das avaliacións anteriores.
- A **convocatoria extraordinaria** constará dun único exame de toda a materia (non se gardan as avaliacións superadas na convocatoria ordinaria). A convocatoria extraordinaria será en xuño. O alumnado que titule poderá presentarse á convocatoria extraordinaria da PAU (xullo).

No caso do alumnado de 2º curso que teña materias pendentes do 1º curso, e teña a posibilidade de rematar o bacharelato, poderá adiantar os exames finais (de TODAS as materias de 1º e de 2º curso), tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria, aos meses de maio e xuño respectivamente. Deste xeito poderá presentarse ás convocatorias ordinaria (xuño) e extraordinaria (xullo) da PAU.

Neste caso, non terá exame específico da 3ª avaliación das materias de 1º curso. Na avaliación final de finais de abril (**Exames Pendentes Ord. 1º Bach.**) deberá facer a parte corresponde á 3ª avaliación e recuperar, de non telas xa superadas, a 1ª ou a 2ª avaliación.

É fundamental que o alumnado de 2º con materias de 1º responda á consulta que se lle realizará ao longo do curso desde a xefatura de estudos a través da Aula de Tutoría do Bacharelato da AV sobre a decisión de optar aos exames PAU e, por tanto, adiantar os exames finais das materias de 1º ou, pola contra, escoller a opción NON PAU que lle permite examinarse das materias de 1º Bacharelato seguindo o calendario normal de avaliacións de 1º (esto é, sen adiantar os exames finais). O alumnado estará atento aos correos recibidos na plataforma (AV) para poder contestalos cando sexa preciso.

DÚBIDAS E INFORMACIÓN

Calquera información relevante correspondente á ensinanza de bacharelato publicárase na páxina web do centro e no noso canal de Telegram (**[telegram.me/bachsanclemente](https://t.me/bachsanclemente)**).

Ante calquera dúbida XERAL (matrícula, consulta de tipo académico, suxestión, etc.) debes contactar co **COORDINADOR DO BACHARELATO, Carlos Doval Davite**, ou co **XEFA de ESTUDOS, Raquel Rodríguez Blanco**. Cando o problema estea relacionado de forma directa cunha materia, debes dirixirvos ao PROFESORADO TITOR responsable da mesma.